

DUPLA VOZ

Por un lado están os poemas de “Contra Rochester”, polo outro, engádenselle (a pé de páxina e en letra máis pequena) un “Breve tratado da gravidade” e deste xeito constrúe Miriam Sánchez Moreiras o seu primeiro poemario, *Contra Rochester*. Polo tanto, a autora xoga con esta dupla referencia para aportar ela mesma as apostilas e comentarios que esperta a lectura dos primeiros textos extrapolando ás experiencias verquidas neles unha abstracción que fai universal a súa mensaxe. Varias son as voces que se manifestan en “Contra Rochester”: unha que nos estarrece na violencia sexual que contra ela exerce o personaxe de Rochester -incestuosa e esgazadora-, outra que nos fai partícipe do espertar da paixón intensísima dunha nena, a da muller que leva tatuado un labirinto e domina as súas armas de seducción e, finalmente, a de Hermione, figura estraña e inaccesible. E todas oscilan entre a “invisibilidade” de non ser máis que un corpo desexado ata a “visibilidade” de significar como persoa. Porén “Da gravidade” é a procura da “Arte delicada das harmonías” lograda cando “Tralo malo/ ficar no menos malo” é a prevenda.

Tempos Novos, 95, abril 2005, p. 68